

CONCELLO
DE
RIVEIRA

(A CORUÑA)

Declarado Municipio Turístico Galego

Ref/Secretaría Xeral/Juan Manuel Salguero del Valle



**ACTA DA SESIÓN ORDINARIA CELEBRADA POLO PLENO DA
CORPORACIÓN MUNICIPAL, O DÍA 24 DE ABRIL DO ANO 2017.**

Membros que asisten:

Alcalde-presidente: Manuel Santos Ruiz Rivas (grupo m. P.P.)

- María Herminia Pouso Maneiro. (grupo m. P.P.)
- Manuel Emilio Pérez Outeiral . (grupo m. P.P.)
- Elvira Pereira Ageitos. (grupo m. P.P.)
- María Esther Patiño Rey (grupo m. P.P.)
- Víctor Reiriz Lampón. (grupo m. P.P.)
- Anxo Orellán Fernández. (grupo m. P.P.)
- Antonio Javier Jesús Freire Brión (grupo m. P.P.)

- Xosé Antonio Vázquez Cobas. (grupo m.BNG)
- Luis Antonio Pérez Barral. (grupo m. BNG)
- Pilar Sampedro Laranga. (grupo m. BNG)
- Xosé Antón Parada Fernández. (grupo m. BNG)

- José Manuel Vilas Alvarez (grupo m. PSdeG-PSOE)
- María de la Almudena Basoco Mariño (grupo m. PSdeG-PSOE)
- Manuel Antonio García Pérez (grupo m. PSdeG-PSOE)

- María Rosa Natividad García Pose (grupo m. IPdeR)
- Juan Manuel Reiriz Lampón (grupo m. IPdeR)

- Juan José Chouza Sampedro (grupo m. C's)

- Asier Casais Alvarez (Concelleiro non adscrito).

- María José Brión Díaz (Concelleira non adscrita).

- María Dolores Elorduy Callón. (Concelleira non adscrita).

Asiste o interventor do concello: Pablo Bao Castro.

Asiste o secretario xeral do concello: Juan Manuel Salguero del Valle.

No Salón de Plenos da Casa Consistorial de Riveira, sendo as **vinte horas do lúns 24 de abril de 2017** (previamente efectuada a convocatoria polo Alcalde o 19-04-2017)



CONCELLO
DE
RIVEIRA

(A CORUÑA)

Declarado Municipio Turístico Galego

Ref/Secretaría Xeral/Juan Manuel Salguero del Valle

reuníronse en primeira convocatoria e baixo a presidencia do Alcalde os membros do Pleno enumerados, e coa asistencia do secretario xeral que suscribe e da fe.

Ábrese a sesión pola presidencia ás vinte horas, e pásase a tratar os seguintes puntos da orde do día:

O Sr. Alcalde (grupo m. P.P.) procede a explicar: trátase do pleno ordinario de abril aínda que xa tivemos o anterior no que se aprobaron os presupostos do Concello.

Antes de comenazar a orde do día quero darlle a benvida ao novo Interventor Pablo Bao Castro; supoño que todo o mundo o coñece e senon aquí o teñen para todas as consultas que lle teñan que facer dentro do tempo que él teña, e está a dispor de todos e cada un dos que aquí estamos para as labores que ten encomendadas.



1.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA ACTA DO PLENO ORDINARIO 27 DE MARZO DE 2017.


Preséntase para aprobación esta acta:

-Acta do Pleno da sesión ordinaria celebrada o 27 de marzo de 2017.

En cumprimento do disposto no artigo 91.1 do Real Decreto 2568/86, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais (ROF), e o artigo 109 do Regulamento Orgánico da Cidade de Riveira, o Sr. Alcalde-presidente pregunta ós/ás Sres./as concelleiros/as se teñen que formular algunha observación a acta correspondente á **sesión ordinaria do día 27 de marzo de 2017.**

Aberto o debate, desenvólvese así:

O concelleiro José Manuel Vilas Álvarez (portavoz do grupo m. PSdeG-PSOE) dí: no punto 3 modificación do uso adscrito a un equipamento público (parcela 6) "Fontán Arousa", solicitaba na miña intervención anterior a subsanación dun erro na superficie do solar; pois ben, dito erro non foi correxido como se pode comprobar




CONCELLO
DE
RIVEIRA

(A CORUÑA)

Declarado Municipio Turístico Galego

Ref/Secretaría Xeral/Juan Manuel Salguero del Valle



na páxina 7, no punto 2, onde recolle a extensión de 312.121,57 m². Si vostede considera oportuno mande *rectificar coa superficie de 3.121,57 m²*.

O Sr. Alcalde (grupo m. P.P.) di que si lle parece antes de darlle o visto bo*os Servizos Técnicos comprobén a veracidade do que comenta e de ser así si non hai inconviniente por ningún, se pon como di o Sr. Vilas, *quedando aprobada a acta coa corrección correspondente*.

Non hai votación expresa.

O Sr. Alcalde (grupo m. P.P.) di que se aproba a acta por unanimidade dos presentes, sen que se produzan observacións nin manifestacións en contra por parte de ningún dos membros presentes.

Resulta aprobada por unanimidade dos seus membros esta acta do pleno:

-Acta do Pleno da sesión ordinaria celebrada o 27 de marzo de 2017.

2.- PRÓRROGA, NO SEU CASO, DO CONTRATO ASINADO CON “ANA NAYA GARCÍA, S.L.” PARA A “XESTIÓN DO SERVIZO PÚBLICO DA ESCOLA INFANTIL MUNICIPAL DO CONCELLO DE RIVEIRA”.

O Sr. Alcalde (grupo m. P.P.) di que como ben saben no ano 2013 ganou o concurso por 4 anos prorrogables por outros 4 anos mais, é o que debería facerse 4 meses antes de acabar o que era o seu primeiro prazo de 4 anos, e eu creo que cando as partes están contentas e hai esa posibilidade do que é a comisión de seguimento, pois, fala positivamente do servizo que está dando Ana Naya o mais procedente é traer a este pleno, pois, o que é esa prórroga e, polo tanto, non facer neste caso xogos de malabares que podan ir en contra dos intereses do Concello cando os nosos Técnicos, neste caso, da área de Servizos Sociais, din que os servizos se prestan dunha forma interesante e ben prestado.

Visto o expediente tramitado, que consta no expediente na sesión.

Visto o informe do Interventor Pablo Bao Castro, “Asunto: Aprobación de prórroga do contrato para a Xestión do Servizo de Escola Infantil Municipal do Concello de Riveira”, de data 17 de abril de 2017, que consta no expediente na sesión.

Vista a proposta da Alcaldía, asunto: ” Prórroga, no seu caso, do contrato asinado con “Ana Naya García, S.L.” para a “Xestión do Servizo Público da Escola Infantil



CONCELLO
DE
RIVEIRA

(A CORUÑA)

Declarado Municipio Turístico Galego

Ref/Secretaría Xeral/Juan Manuel Salguero del Valle

Municipal do Concello de Riveira”, de data 17 de abril de 2017, que consta no expediente na sesión.

Visto o dictamen favorable da Comisión informativa de Educación, Cultura, Xuventude e Deportes de data 18 de abril de 2017, que consta no expediente na sesión.

Aberto o debate, desenvólvese así:

A concelleira Rosa García Pose (portavoz do grupo m. IPdeR) di: benvido Pablo, espero que non veñas tan pouco como da outra vez e que te vexamos mais por aquí.


Mire Sr. Alcalde, eu pediríalle que este punto quedara enriba da mesa, voulla explicar porqué; eu creo que o importe, e máis IPdeR votou a favor dos presupostos e explicou porqué, pero eso non quere dicir que non vaia a fiscalizar como se gasta, Sr. Alcalde, e a verdade eu creo que un tema como este que lle costa, e son ben invertidos, bastantes euros ao Concello, creo que merecemos un informe que non sexan 4 liñas decíndonos que todo funciona ben.

Eu son usuario da guardería e teño que dicir aquí, e quero que conste para que non haxa malos entendidos, que non teño nada que dicir da labor educativa nin do traballo dos profesionais que están alí atendendo aos meniños e os pais, eso que quede por diante.

Agora teño dúbidas e dúbidas grandes de que se cumpra o prego de condicións. As informacións que teño eu xa as dixen noutro pleno fai tempo, seguen sendo, a información que teño eu é que non se cumpre a xornada completa do persoal que se subroga. Reduciron xornada a moitos que no prego de condicións viñan có 100%, e agora non teñen o 100%, incluso teño dúbidas porque non me souberon dicir, si efectivamente había unha educadora de educación de inglés e, dende logo, teño a certeza Sr. Alcalde porque pregunteino, que non hai ningunha educadora de apoio. Ante esto eu creo que antes de aprobar unha prórroga, non costa ningún traballo que os Técnicos non se queden soamente có bo funcionamento das educadoras de atención aos pais e dos meniños, e que collan o prego de condicións e miren punto por punto, porque si esta Empresa gañou porque se comprometía a asegurar o persoal, que está aquí ademáis, tanto persoal ao 100%, tanto ao 65%, e tanto ao 50%, e a información que teño eu, que ao mellor é sesgada, pero por si acaso dí que non cumpren, eu creo que como mínimo habría que comprobalo e eles que certifiquen ou que nos informen de que, efectivamente, cumpre todo o prego de condicións. Xa lle digo a información que teño a día de hoxe é que non hai educadoras de apoio. Non saben si a Directora é licenciada ou non é licenciada, eso a min non me preocupa moito, excepto que non cumpre o prego. Creo que esas cousas se deben de mirar.

Aquí tiñamos cando se subrogou como mínimo 4 educadoras ao 100% e creo que na actualidade non están. Unha educadora infantil de 32 horas semana. Educadora infantil de 7,6 horas á semana.





CONCELLO
DE
RIVEIRA
(A CORUÑA)

Declarado Municipio Turístico Galego

Ref/Secretaría Xeral/Juan Manuel Salguero del Valle



Outra das preguntas que eu teño porque tampouco puiden comprobá-las, ~~as tres~~ que se foron, polas razóns que tiveran, foron substituídas por outro persoal ou agruparon mais meniños por aula e quedaron có mesmo persoal?. Pois, eu creo que cando hai unha variación grande, dende o momento en que se abre a guardería, e no momento en que empezan a exercer esta labor, xa digo non teño nada que ver co trato dos meniños e dos pais que non teño nada que dicir; eu creo que merecemos os concelleiros que aquí estamos, que representamos aos cidadáns, que o informe non se quede en 4 liñas decindo que todo funciona moi ben e cumpren, cando realmente a información que nos chega polo menos a IPdeR, é que hai variacións e que non se cumpre. Por iso, eu pediría que quedara enriba da mesa para poder comprobalo, senon nós non lle vamos a votar a favor Sr. Alcalde.

A concelleira Rosa García Pose (portavoz do grupo m. IPdeR) solicita neste momento no Pleno que quede sobre a mesa o expediente relativo a:

“Prórroga, no seu caso, do contrato asinado con “Ana Naya García, S.L.” para a “xestión do servizo público da Escola Infantil Municipal do Concello de Riveira”.


O concelleiro José Manuel Vilas Álvarez (portavoz do grupo m. PSdeG-PSOE) di: consta no expediente solicitude de prórroga por parte da entidade xestora, informe da comisión de control e seguimento, informe de fiscalización e proposta da Alcaldía, así como documentación da contratación realizada no seu día.

A xestión indirecta, leva un incremento de coste que fai que o servizo remate sendo caro. O balance de gastos e ingresos destes 4 anos ten un saldo negativo que ascende a -380.747 euros, unha media anual de -95.186,75 euros.

O noso obxectivo é a atención e a promoción do benestar na infancia e por ende tamén na familia, polo que apostamos polo paradigma de cambio de modelo de cidade, neste caso, pasa por municipalizar a xestión do servizo da escola infantil municipal de Riveira, para abaratar costes e prestar unha mellor calidade nos servizos citados.

O concelleiro Xosé Antón Parada Fernández (grupo m. BNG) di: nós queremos saber si solucionan eso, si responde a estas dúbidas, evidentemente, nós non temos a información que ten a Sra. García Pose, por iso, si é que non se soluciona eso e non se da esa información, e coa información que acaba de dar aquí o Sr. Vilas, nós tamén nos vamos a abster.

O Sr. Alcalde (grupo m. P.P.) di dúas cousas; a primeira, a guardería de Riveira é unha das de mellor porcentaxe ou menos coste para o Concello de Galicia; e moitísimo menos das que funcionan en Réximen de Consorcios.



CONCELLO
DE
RIVEIRA
(A CORUÑA)

Declarado Municipio Turístico Galego

Ref/Secretaría Xeral/Juan Manuel Salguero del Valle

Guardería municipal supón un persoal municipal, non sei si o que ten que ter o Concello é precisamente ese persoal ou no porque de feito encontrar unha guardería municipal é rarísimo en toda Galicia; ningunha das cidades independentemente do cor político que as dirixa, ten este tipo de servizos; polo tanto, si nós estamos a apoiar precisamente en función da renta nos baremos que nos corresponde, que non sei si son o que dí o Sr. Vilas 90.000 euros, pero por 170 alumnos tampouco me parece unha cantidade excesiva, salvo que vostede queira cobrarlle precisamente á xente e sacarlle a subvención municipal, entón, ou non temos nenos na guardería ou seguro que non perdemos cartos porque non temos nenos, pero non axudamos á xente a que poda ter os rapaces alí porque os cartos saen precisamente da nosa parte por alumno.

En canto ao que dí a Sra. García Pose; eu descoñezo, pero en todo caso a obrigação da empresa é no momento que colle á xente, a partir de ahí cada cambio que poda haber no que é a relación laboral está sustentada por un contrato, lóxicamente ten que cumprir a lexislación laboral, terá que indemnizala, terá que xustificalo, e será en función das matrículas dos rapaces si segue sendo como antes, quero dicir, todos os que teñen 8 horas, ou agora van mais polo turno de mañá ou de tarde, o que fai que a figura de contratación teña que ser diferente, pero en todo caso, volvo a repetir, eu descoñezo, pero é a empresa có traballador a que ten que cumprir ese contrato senon cumpre, lóxicamente, o que ten é que denunciálo, cousa que eu descoñezo ningún traballador nestos momentos que houbera denunciado á empresa, e terán que indemnizala.

Eu antes de pasar á votación, lóxicamente, hai unha solicitude de poñelo enriba da mesa, volvo a repetir, é un servizo que o risco que todos sabemos porque os concursos, de que nos saia unha empresa que non estemos contentos, pois, non fai necesario entendo eu que suspendamos o contrato por unhas dúbidas.

O Sr. Alcalde somete a votación:

=====

A) Solicitude da concelleira Rosa García Pose (portavoz do grupo m. IPdeR), relativa a que quede sobre a mesa o expediente relativo a:

“Prórroga, no seu caso, do contrato asinado con “Ana Naya García, S.L.” para a “xestión do servizo público da Escola Infantil Municipal do Concello de Riveira”.

Pásase á votación ordinaria do asunto, segundo a solicitude da concelleira Rosa García Pose (portavoz do grupo m. IPdeR), relativa a *que quede sobre a mesa o expediente relativo a:* “Prórroga, no seu caso, do contrato asinado con “Ana Naya



CONCELLO
DE
RIVEIRA
(A CORUÑA)

Declarado Municipio Turístico Galego

Ref/Secretaría Xeral/Juan Manuel Salguero del Valle



García, S.L.” para a “xestión do servizo público da Escola Infantil Municipal do Concello de Riveira”, dirixida polo Sr. Alcalde deste xeito e con este resultado:

- Votos a favor : dez (10) votos (catro votos dos concelleiros do grupo municipal BNG, un voto do concelleiro do grupo municipal C.s, dous votos dos concelleiros do grupo municipal IPdeR, e tres votos dos concelleiros non adscritos).
- Votos en contra : once (11) votos (oito votos dos concelleiros do grupo m. PP, e tres votos dos concelleiros do grupo municipal PSdeG - PSOE).
- Abstencións: ninguna.

O Pleno da Corporación Municipal, visto o expediente tramitado; visto o informe do Interventor Pablo Bao Castro, “Asunto: Aprobación de prórroga do contrato para a Xestión do Servizo de Escola Infantil Municipal do Concello de Riveira”, de data 17 de abril de 2017; vista a proposta da Alcaldía, asunto: ” Prórroga, no seu caso, do contrato asinado con “Ana Naya García, S.L.” para a “Xestión do Servizo Público da Escola Infantil Municipal do Concello de Riveira”, de data 17 de abril de 2017; e o dictamen favorable da Comisión informativa de Educación, Cultura, Xuventude e Deportes de data 18 de abril de 2017, por maioría absoluta dos seus membros, acorda:

Rexeitar a solicitude da concelleira Rosa García Pose (portavoz do grupo m. IPdeR), relativa a *que quede sobre a mesa o expediente relativo a:*


“Prórroga, no seu caso, do contrato asinado con “Ana Naya García, S.L.” para a “xestión do servizo público da Escola Infantil Municipal do Concello de Riveira”.

=====

Polo tanto:

- B) “Prórroga, no seu caso, do contrato asinado con “Ana Naya García, S.L.” para a “Xestión do Servizo Público da Escola Infantil Municipal do Concello de Riveira”.**

Pásase á votación do asunto: “Prórroga, no seu caso, do contrato asinado con “Ana Naya García, S.L.” para a “Xestión do Servizo Público da Escola Infantil Municipal do Concello de Riveira”, dirixida polo Sr. Alcalde deste xeito e con este resultado :



CONCELLO
DE
RIVEIRA

(A CORUÑA)

Declarado Municipio Turístico Galego

Ref/Secretaría Xeral/Juan Manuel Salguero del Valle

- Votos a favor : oito (8) votos (oito votos dos concelleiros do grupo m. PP).
- Votos en contra : cinco (5) votos (un voto do concelleiro do grupo municipal C,s, dous votos dos concelleiros do grupo municipal IPdeR, e dous votos dos concelleiros non adscritos Asier Casais Alvarez e María José Brión Díaz).
- Abstencións: oito (8) (catro dos concelleiros do grupo municipal BNG, tres dos concelleiros do grupo municipal PSdeG-PSOE, e unha da concelleira non adscrita M^a Dolores Elorduy Callón).

Resulta aprobado, por maioría simple dos seus membros.




O Pleno da Corporación Municipal, visto o expediente tramitado; visto o informe do Interventor Pablo Bao Castro, “Asunto: Aprobación de prórroga do contrato para a Xestión do Servizo de Escola Infantil Municipal do Concello de Riveira”, de data 17 de abril de 2017; vista a proposta da Alcaldía, asunto: ” Prórroga, no seu caso, do contrato asinado con “Ana Naya García, S.L.” para a “Xestión do Servizo Público da Escola Infantil Municipal do Concello de Riveira”, de data 17 de abril de 2017; e o dictamen favorable da Comisión informativa de Educación, Cultura, Xuventude e Deportes de data 18 de abril de 2017, por maioría simple dos seus membros; acorda:

O Pleno do Concello de Riveira, en sesión celebrada na data 16/08/2013, acordou adxudicar o contrato para a “Xestión do servizo público da escola infantil municipal do Concello de Riveira” á empresa “Ana Naya García, S.L.” (CIF B15767783)

O correspondente contrato formalizouse en documento administrativo na data 02/09/2013 para unha duración de catro (4) anos contados a partir da data da sinatura do mesmo.

Rexen no contrato o Prego de prescricións técnicas e o Prego de cláusulas administrativas particulares aprobados polo Pleno Municipal na súa sesión da data 30/07/2012.

De acordo coa cláusula “F” do contrato, en relación coa cláusula 10.1 do Prego de cláusulas administrativas particulares, “a duración do contrato será de catro (4) anos, contados a partir da data da sinatura do mesmo, se ben poderá ser prorrogado de mutuo acordo expreso de ambas partes por periodos anuais ata un máximo de catro anos máis, acordo de prórroga que deberá acordarse ao menos con catro meses de antelación á finalización do contrato ou da primeira prórroga. En calquera caso, e se o Concello o considera conveniente, o adxudicatario terá a obriga de continuar o



CONCELLO
DE
RIVEIRA
(A CORUÑA)

Declarado Municipio Turístico Galego

Ref/Secretaría Xeral/Juan Manuel Salguero del Valle

servizo ata o inicio do novo contrato que oportunamente se adxudique, sempre por un prazo máximo de seis meses desde a data disposta para a finalización do contrato. Nos catro posibles períodos prorrogados non se admitirán máis modificacións do contrato que o prezo, que poderá revisarse de acordo coa mesma fórmula fixada a partir do segundo ano de vixencia do contrato.”

Con data 21/03/2017 tivo entrada no Rexistro Xeral do Concello, co número 4701, un escrito asinado por Ana Isabel Naya García, en representación da empresa “Ana Naya García, S.L.” solicitando a prórroga do contrato.

Con data 07/04/2017 emitíuse informe favorable á solicitude de prórroga do contrato por un ano, asinado polos integrantes da Comisión de control e seguimento da Escola infantil municipal: Herminia Pouso Maneiro (concelleira municipal de educación), María Francisca Vidal Regueira (xefa de servizo do departamento de Servizos Sociais), e Santiago Páramo Aller (pedagogo do departamento de Servizos Sociais).

Con data 17/04/2017, o interventor Pablo Bao Castro emite informe favorable de fiscalización previa e limitada.

Visto o anterior, o Pleno da Corporación Municipal adopta os seguintes acordos:

Prorrogar polo período de un ano o contrato asinado coa empresa “Ana Naya García, S.L.” (NIF B15767783) para a “Xestión do servizo público da escola infantil municipal do Concello de Riveira”.

3.- RATIFICACIÓN DO DECRETO: APROBACIÓN CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE OS CONCELLOS DE RIVEIRA E PORTO DO SON PARA A EXECUCIÓN DO OBRADOIRO DE EMPREGO “TAHUME IV” E SOLICITUDE CONXUNTA DUNHA AXUDA PARA O SEU FINANCIAMENTO AO ABEIRO DA ORDE DO 8 DE FEBREIRO DE 2017 (DOG Nº 44 DO 03/03/2017).

O Sr. Alcalde (grupo m. P.P.) explica que, como ben saben, o feito de ir da man doutro Concello, pois, é a fórmula mais doada pola puntuación que establece a orde para que nos poidan dar outra escola taller; neste caso, de novo queremos ir con Porto do Son, a experiencia creo que foi positiva para os dous Concellos.

En concreto, pois, queremos solicitar dúas ramas para 20 alumnos. En concreto as ramas son: “traballos de carpintería e moble”, por un lado; e “actividades auxiliares en conservación e mellora de montes”, por outro.

O que se pide é a ratificación, como lle decía, do convenio que temos firmado para poder entrar en prazo de solicitude da subvención cós dous Concellos.





CONCELLO
DE
RIVEIRA
(A CORUÑA)

Declarado Municipio Turístico Galego

Ref/Secretaría Xeral/Juan Manuel Salguero del Valle

Visto o expediente tramitado, que consta no expediente na sesión.

Vista a Resolución de Alcaldía: “Aprobación Convenio de colaboración entre os Concellos de Riveira e Porto do Son para a execución do obradoiro de emprego “TAHUME IV” e solicitude conxunta dunha axuda para o seu financiamento ao abeiro da orde do 8 de febreiro de 2017 (DOG nº 44 do 03/03/2017)”, de data 29 de marzo de 2017, que consta no expediente na sesión.

Visto o dictamen favorable da Comisión informativa de Fomento, Emprego, Industria, Comercio, Pesca, e Turismo de 18 de abril de 2017, que consta no expediente na sesión.

Aberto o debate, desenvólvese así:


O concelleiro José Manuel Vilas Álvarez (portavoz do grupo m. PSdeG-PSOE) di: preténdese a aprobación do cuarto convenio entre os Concellos de Riveira e Porto do Son para obradoiros de emprego.


Un convenio loable dende calquer punto de vista, pero nos gustaría saber os resultados porcentuais de emprego estable acadado tras estas 3 experiencias anteriores. ¿Pode Sr. Alcalde facilitarnos algúns datos fehacientes?.

O Sr. Alcalde (grupo m. P.P.) di, tan concretos no, o que lle podo decir é que estamos nas ratios de empregabilidade doutras escolas obradoiro, e eu sempre o que animo é a que non estean esperando, simplemente, a que veña o empresario a darlle traballo, senon que salen cós coñecementos necesarios como para tamén a través dunha cooperativa, dunha pequena empresa ou de autónomos, pois, funcionar. O que sí sei é que na última hai algúns rapaces/as que están traballando, pero dentro ou por encima das ratios que se dan noutras escolas obradoiro. Eso depende moito tamén das ramas que un escolla, eu creo que moitas veces os concellos van directamente por ramas que lle interesa únicamente ao concello, e nós intentamos 5 ramas que lle interesan a empregabilidade, neste caso, o que son os traballos forestais como o que é a carpintería e moble, pois, son dunha empregabilidade que ademáis estaba na orde mais dotada de puntos que outra.

Pásase á votación ordinaria do asunto, dirixida polo Sr. Alcalde deste xeito e con este resultado:

-Votos a favor: vinte e un (21) votos (oito votos dos concelleiros do grupo municipal PP, catro votos dos concelleiros do grupo municipal BNG, tres votos dos concelleiros do grupo municipal PSdeG-PSOE, un voto do concelleiro do grupo






CONCELLO
DE
RIVEIRA
(A CORUÑA)

Declarado Municipio Turístico Galego

Ref/Secretaría Xeral/Juan Manuel Salguero del Valle



municipal C,s, dous votos dos concelleiros do grupo municipal IPdeR, e tres votos dos concelleiros non adscritos).

-Votos en contra: ningún.

-Abstencións: ningún.

Resulta aprobado, por unanimidade dos seus membros.


O Pleno do Concello de Riveira, visto o expediente tramitado; vista a Resolución de Alcaldía: “Aprobación Convenio de colaboración entre os Concellos de Riveira e Porto do Son para a execución do obradoiro de emprego “TAHUME IV” e solicitude conxunta dunha axuda para o seu financiamento ao abeiro da orde do 8 de febreiro de 2017 (DOG nº 44 do 03/03/2017)”, de data 29 de marzo de 2017; e o dictamen favorable da Comisión informativa de Fomento, Emprego, Industria, Comercio, Pesca, e Turismo de 18 de abril de 2017; por unanimidade dos seus membros, acorda:

Ratificar o Decreto: Aprobación do Convenio de colaboración entre os Concellos de Riveira e Porto do Son para a execución do obradoiro de emprego “TAHUME IV” e solicitude conxunta dunha axuda para o seu financiamento ao abeiro da orde do 8 de febreiro de 2017 (DOG nº 44 do 03/03/2017), de data 29 de marzo de 2017 que se transcribe:

“DECRETO: APROBACIÓN DO CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE OS CONCELLOS DE RIVEIRA E PORTO DO SON PARA A EXECUCIÓN DO OBRADOIRO DE EMPREGO “TAHUME IV” E SOLICITUDE CONXUNTA DUNHA AXUDA PARA O SEU FINANCIAMENTO AO ABEIRO DA ORDE DO 8 DE FEBREIRO DE 2017 (DOG Nº 44 DO 03/03/2017).

Vista a orde do 8 de febreiro de 2017 pola que se establecen as bases reguladoras das axudas e subvencións para os obradoiros de emprego dentro dos programas mixtos de emprego e formación da Comunidade Autónoma de Galicia e se procede á súa convocatoria para o ano 2017.(DOG núm. 44, do 3 de marzo de 2017)

Co obxectivo de que as administracións públicas promovan actuacións tendentes a garantir a igualdade e a calidade de vida dos veciños, sendo preciso neste momento de acentuada crise económica realizar un exercicio de políticas públicas responsables coa actual situación, implantando fórmulas eficaces e eficientes de xestión pública e boas prácticas, minimizando custos que posibiliten o mantemento da prestación dos servizos que ata o de agora se viñan prestando de forma independente.



CONCELLO
DE
RIVEIRA

(A CORUÑA)

Declarado Municipio Turístico Galego

Ref/Secretaría Xeral/Juan Manuel Salguero del Valle

Esta alcaldía en uso das facultades que lle confire a Lei 7/19875, de 2 de abril, reguladora das Bases do Réxime Local **RESOLVE:**

PRIMEIRO: Aprobar a agrupación entre o Concello de Riveira e o Concello de Porto do Son para colaborar na solicitude e execución do Obradoiro de Emprego "Tahume IV", ao abeiro da orde do 8 de febreiro de 2017 pola que se establecen as bases reguladoras das axudas e subvencións para os obradoiros de emprego dentro dos programas mixtos de emprego e formación da Comunidade Autónoma de Galicia e se procede á súa convocatoria para o ano 2017, que se rexera polo seguinte convenio:

"CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE OS CONCELLOS DE RIVEIRA E PORTO DO SON PARA A EXECUCIÓN DO OBRADOIRO DE EMPREGO "TAHUME IV" E SOLICITUDE CONXUNTA DUNHA AXUDA PARA O SEU FINANCIAMENTO AO ABEIRO DA ORDE DO 8 DE FEBREIRO DE 2017 (DOG Nº 44 DO 3/03/2017).



Na Casa do Concello de Riveira, a XX de marzo de 2017.

COMPARECEN

D. José Luis Oujó Pouso, Alcalde- Presidente do Concello de Porto do Son, é o seu representante legal consonte ao disposto nos arts. 21.1.b) da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local e 61.1 a) da Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración Local de Galicia.

D. Manuel Ruíz Rivas, Alcalde- Presidente do Concello de Riveira, é o seu representante legal consonte ao disposto nos arts. 21.1.b) da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local e 61.1 a) da Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración Local de Galicia.

Recoñecéndose mutuamente os comparecentes a capacidade legal suficiente para o outorgamento do presente convenio,

Da fe do acto, D. Juan Manuel Salguero del Valle, secretario xeral do Concello de Riveira.

EXPOÑEN


I. Que mediante a Orde do 8 de febreiro de 2017 a Consellería de Economía, Emprego e Industria aprobou as bases reguladoras das axudas e subvencións para os



CONCELLO
DE
RIVEIRA
(A CORUÑA)

Declarado Municipio Turístico Galego

Ref/Secretaría Xeral/Juan Manuel Salguero del Valle



obradoiros de emprego dentro dos programas mixtos de emprego e formación da Comunidade Autónoma de Galicia e se procede á súa convocatoria para o ano 2017.

II. Que o art. 3 da Orde citada dispón que terán a condición de beneficiarios e poderán promover os proxectos de obradoiros de emprego as entidades locais, sempre que sexan competentes para a execución das correspondentes obras ou servizos, dispoñan da capacidade técnica e de xestión suficiente para a realización dos proxectos e teñan unha media de paro rexistrado no ano 2016 superior a 500 persoas no seu ámbito territorial. Así mesmo, o art. 22 da Orde fomenta a presentación de proxectos conxuntos polas entidades locais.

III. Que os concellos de Porto do Son e Riveira cumpren cos requisitos establecidos para ter a condición de beneficiarios das subvencións para obradoiros de emprego, e que é do seu interese promover a execución conxunta do proxecto “Obradoiro de Emprego TAHUME IV”.


IV. Que os concellos teñen capacidade xurídica plena para obrigarse, para o cumprimento dos seus fins e no ámbito das súas competencias, consonte ao disposto nos arts. 140 CE, 5 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, 111 RD Lexislativo 781/1986, do 18 de abril, texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local e 10, 187 e 193 da Lei 5/1997, de 22 de xullo, de Administración Local de Galicia.

Exposto o que antecede e co fin de establecer as condicións de colaboración entre os concellos de Porto do Son e Riveira para a promover o proxecto “Obradoiro de Emprego TAHUME IV” e solicitar unha axuda para o seu financiamento ao abeiro da Orde da Consellería de Economía, Emprego e Industria do 8 de febreiro de 2017, conveñen en obrigarse con arranxo ás seguintes,

CLAUSULAS

PRIMEIRA.- Obxecto do Convenio.

Constitúe o obxecto do presente convenio o establecemento das condicións de colaboración entre os concellos de Porto do Son e Riveira para a promoción e execución do proxecto “Obradoiro de Emprego TAHUME IV” e para a solicitude á Consellería de Economía, Emprego e Industria dunha axuda para o seu financiamento, ao abeiro da súa Orde do 8 de febreiro de 2017 pola que se establecen as bases



CONCELLO
DE
RIVEIRA

(A CORUÑA)

Declarado Municipio Turístico Galego

Ref/Secretaría Xeral/Juan Manuel Salguero del Valle



reguladoras e se convocan as axudas para obradoiros de emprego correspondentes ao ano 2017.

A solicitude do obradoiro de emprego co nome de “TAHUME IV”, realizarase conxuntamente entre os concellos de Riveira e Porto do Son, no que se impartirán as especialidades de “Traballos de carpintería e moble (MAMD0209)” e “Actividades auxiliares en conservación e mellora de montes (AGAR0309)”

O obradoiro solicitarase para 20 alumnos traballadores, sendo a distribución por concello a seguinte:

- Concello de Riveira: 10 alumnos- traballadores
- Concello de Porto do Son: 10 alumnos- traballadores

No caso de que sexa concedido o Obradoiro de Emprego, pero o número de alumnos sexa menor ao solicitado, a porcentaxe do reparto será ao 50% e se o número resultante non é enteiro, ao Concello de Riveira corresponderalle un alumno máis que ao Concello de Porto do Son.

Si debido a esta diminución de alumnos fora necesario modificar o proxecto “Obradoiro de emprego TAHUME IV”, será necesaria a previa conformidade de ámbolos dous concellos.


SEGUNDA.- Ámbito de aplicación.

O ámbito de aplicación subxectivo e material do presente convenio limitase aos concellos de Porto do Son e Riveira e aos seus termos municipais, respectivamente.

TERCEIRA.- Obrigas das partes.

Os concellos de Porto do Son e Riveira, para a consecución dos fins a que responde o convenio, obríganse a:

- Adoptar os acordos necesarios para a aprobación do proxecto do “Obradoiro de emprego TAHUME IV” e para a solicitude da subvención para o seu financiamento á Consellería de Economía, Emprego e Industria ao abeiro da súa Orde do 8 de febreiro de 2017.



CONCELLO
DE
RIVEIRA
(A CORUÑA)

Declarado Municipio Turístico Galego

Ref/Secretaría Xeral/Juan Manuel Salguero del Valle



- Asumir todas as obrigas detalladas na Orde da Consellería de Economía, Emprego e Industria do 8 de febreiro de 2017, singularmente as previstas no seu art. 37 e, de xeito específico, a procurar a inserción laboral posterior das persoas desempregadas participantes no proxecto, ben como traballador por conta allea ou ben mediante a súa constitución como traballador autónomo ou por conta propia.
- A por a disposición do proxecto “Obradoiro de Emprego TAHUME IV” os inmobles sobre os que este se executará e que se definen na documentación técnica do referido proxecto. A posta a disposición acreditarase mediante certificación expedida pola Secretaría Municipal ou, no seu caso, documento de cesión para o uso público por tempo non inferior a vinte e cinco (25) anos.
- A achegar a documentación necesaria para a execución do proxecto “Obradoiro de Emprego TAHUME IV” incluídas, no seu caso, as autorizacións sectoriais pertinentes, e a que sexa necesaria para a solicitude, tramitación e xustificación da subvención regulada na Orde da Consellería de Economía, Emprego e Industria do 8 de febreiro de 2017.
- A achegar o financiamento preciso para a execución do “Obradoiro de Emprego TAHUME IV” con arranxo ao previsto na cláusula cuarta deste convenio.

CUARTA.- Xestión do procedemento de solicitude, tramitación e xustificación da axuda.

Para os efectos de xestión do procedemento relativo á subvención do proxecto de “Obradoiro de Emprego TAHUME IV” o Concello de Riveira solicitará a axuda prevista na Orde da Consellería de Economía, Emprego e Industria do 8 de febreiro de 2017 e realizará os trámites administrativos necesarios para a súa xestión e xustificación. Para a realización de toda a tramitación precisa, facúltase expresamente ao seu Alcalde- Presidente, D. Manuel Ruiz Rivas.

De acordo co exposto, o Concello de Riveira terá a consideración de beneficiario da subvención que, no seu caso, se outorgue e asumirá a contratación e o custo das retribucións salariais totais (incluída a cotización empresarial á Seguridade Social),



CONCELLO
DE
RIVEIRA

(A CORUÑA)

Declarado Municipio Turístico Galego

Ref/Secretaría Xeral/Juan Manuel Salguero del Valle

por todos os conceptos do persoal contratado (alumnos- traballadores- persoal directivo, docente e de apoio) en desenvolvemento do obradoiro de emprego “TAHUME IV”, tendo a consideración de entidade empregadora.


Sen prexuízo do indicado, o grupo de traballo mixto a que se refire o art. 10 da Orde da Consellería de Economía, Emprego e Industria do 8 de febreiro de 2017 estará integrado por persoal dos dous concellos en igual número.

O financiamento dos custos necesarios para a execución do proxecto que non sexan subvencionados, incluídos os necesarios para a solicitude da subvención, farase efectivo consonte ás seguintes regras:

- Cada concello comprométese a dotar os créditos orzamentarios necesarios para asumir a totalidade dos gastos non comúns do proxecto, entendendo por tales os correspondentes a bens ou servizos implantados ou prestados unicamente no seu termo municipal.
- Cada concello asumirá o 50% dos gastos comúns, entendendo por tales os correspondentes a custes de persoal ou bens e servizos non imputables a ningún deles individualmente.
- A Dirección do obradoiro de emprego, unha vez finalizado este e atendendo ao proxecto executado, elaborará un informe clasificando os gastos como comúns ou non comúns. Ao informe xuntarase relación certificada e copia autenticada das facturas correspondentes presentadas no concello que ten a consideración de beneficiario da subvención.
- O Concello de Porto do Son, logo de recibir a documentación indicada no parágrafo que antecede, transferiralle no prazo de un (1) mes desde o remate do obradoiro de emprego ao Concello de Riveira a totalidade da achega económica ao seu cargo.

As modificacións do proxecto “Obradoiro de emprego TAHUME IV” requirirán da previa aprobación ou conformidade de ámbolos dous concellos.


Para o caso de ser precisas para a execución do proxecto autorizacións sectoriais, sen prexuízo de que sexan achegadas polos concellos, facúltase expresamente ao Concello de Riveira e ao seu Alcalde- Presidente para a súa solicitude.



CONCELLO
DE
RIVEIRA
(A CORUÑA)

Declarado Municipio Turístico Galego

Ref/Secretaría Xeral/Juan Manuel Salguero del Valle



QUINTA.- Cumprimento do convenio.

O incumprimento das obrigas consignadas no convenio por calquera das partes facultará á outra para interromper o seu cumprimento e solicitar a súa resolución, que se producirá automaticamente transcorridos quince (15) días naturais.

A resolución do convenio suporá que o concello que non teña a consideración de beneficiario da subvención proceda ao aboamento dos gastos non subvencionados efectivamente realizados nas condicións e prazos previstos na cláusula cuarta.

SEXTA.- Interpretación do convenio.

As dúbidas que poidan xurdir en cumprimento do convenio serán resoltas de mutuo acordo por unha comisión integrada por igual número de vogais de cada concello, designados polos respectivos Alcaldes- Presidentes.

SÉTIMA.- Vixencia do convenio e causas de extinción.

O presente convenio producirá efectos desde a data da súa sinatura e ata o total cumprimento das obrigas que nel se establecen.

Ademais de polo transcurso do seu prazo de vixencia, o presente convenio extinguirase polas seguintes causas:

1. Polo non outorgamento da subvención para o obradoiro de emprego conxunto.
2. Pola súa resolución, a instancia de parte ou de mutuo acordo.

OITAVA.- Réxime xurídico.

O presente convenio ten carácter administrativo rexéndose, ademais de polo establecido nas súas cláusulas, polo Dereito Administrativo e, supletoriamente polo Dereito Civil.

As cuestións litixiosas que poidan xurdir derivadas do seu cumprimento, interpretación ou resolución serán de coñecemento da Xurisdición Contencioso-Administrativa.



CONCELLO
DE
RIVEIRA

(A CORUÑA)

Declarado Municipio Turístico Galego

Ref/Secretaría Xeral/Juan Manuel Salguero del Valle

En proba de conformidade, os comparecentes asinan por triplicado o presente documento, no lugar e data indicados no encabezado."

SEGUNDO: Ratificar este acordo no Pleno da Corporación na primeira sesión que se celebre."



4.- PROPOSICIÓN DO GRUPO M. IPdeR PRESENTADA POR ROSA GARCÍA POSE, INTERESANDO MELLORAS NO PARQUE INFANTIL DE ARROCHELA - PALMEIRA.

A concelleira Sra. García Pose do grupo m. IPdeR, da lectura á moción presentada por ela en nome deste grupo, de data 11 de abril de 2017 (rex entr. 11-04-2017, nº 6.047) do seguinte tenor:

“ En Palmeira, no porto, hai un parque infantil o da Arrochela, onde hai un montón de nenos pequenos tan pronto empeza o bo tempo.

Nos fines de semana, e nas vacacións dito parque está cheo de nenos pequenos e persoas maiores disfrutando do bo tempo e do ocio. O parque neste momento se encontra nunha situación de deterioro e perigo para os nenos:

Os xogos están en mal estado, non reunindo condicións para poder xogar, os árbores foron talados e non se substituíron có cal os días de calor non hai sombra. A fonte está en mal estado e non ten auga. Os bancos rotos, faltan tramos de valla sendo un perigo para os nenos que poden saír correndo á estrada. Faltan as canastas na pequena pista deportiva. O chan é de adoquíns e non de material brando para evitar que os golpes lles fagan dano. O borde que delimita o parque é de pedra e termina en arista. Entre o parque e a estrada hai unha cuneta ou rego para recollida de augas pero ten unha pequena chapa metálica para pasar que non elimina as barreiras arquitectónicas nin facilitan a mobilidade. E por isto é polo que se lle pide ó Pleno aprobe os seguintes acordos:

Amañar bancos, xogos e fontes, poñer o chan según normativa e eliminar ou substituír aquilo que poda producir dano os nenos.

Eliminar a barreira arquitectónica e poñer a valla que falta."


Este asunto foi dictaminado favorablemente pola Comisión informativa de Urbanismo, Infraestructuras, Benestar Social e Medio Ambiente, en sesión celebrada o día 18/04/2017.



CONCELLO
DE
RIBEIRA
(A CORUÑA)

Declarado Municipio Turístico Galego

Ref/Secretaría Xeral/Juan Manuel Salguero del Valle



Ábrese debate, intervindo en primeiro lugar o concelleiro Juan José Chouza Sampedro (portavoz do grupo m. C's) quen di: simplemente decif que vamos a apoiar la moción de IPdeR porque entendemos que es de justicia y no solo este parque infantil sino que podemos aprovechar para revisar todos porque hay algunos que dan bastante pena.

O concelleiro José Manuel Vilas Álvarez (portavoz do grupo m. PSdeG-PSOE) di: a nosa concelleira Almudena, trouxo aquí unha moción o ano pasado sobre as melloras en mantemento nos distintos parques do Concello, e o mes pasado trouxo un rogo precisamente sobre este parque da Arrochela.

Imos a votar a favor da limpeza e mantemento do parque. Sabemos que os xogos están ben; pero bueno, aproveitando a intervención tamén solicitamos uns balances para nenos discapacitados nos distintos ou nalgún parque do municipio.

A concelleira Pilar Sampedro Laranga (grupo m. BNG) di: estamos dacordo coa reparación do parque e como xa foi aprobado nun pleno anterior tiñanse que arranxar tódolos parques do Concello.

Con respecto a este parque; como ben di vostede Sra. Pose, os fins de semana, nas vacacións o parque non chega a nada, os rapaces teñen que facer longas colas para xogar, polo que, eu solicitaría á ampliación de dito parque onde tódolos nenos podan acceder aos xogos sin ter que agardar o seu turno que é moi longo e abúrense.

No caso da fonte tamén se presentou unha solicitude, onde se decía que se revisaran tódalas fontes do Concello porque non tiñan auga e estamos á espera da solución.

Con respecto as árbores que foron podados e non repostos, solicitaría que puxeran árbores pero non arbustos que sexan venenosos como as adelfas, que recorren bastante o noso entorno, nos nosos paseos e nos nosos parques.

Tamén comentar que xa fixemos unha solicitude para este mesmo pleno con entrada do 7 de abril, onde pedimos o arranxo en obra da chapa que cruza o desaugue da calzada porque como xa dixemos en multitude de ocasións, a poboación é cada vez mais anciana e as posibilidades de acceder a ditos pasos son perigosas, tanto para eles como para as persoas que teñan algún tipo de problemas físicos.

Na mesma solicitude do 7 de abril tamén se pide que no paseo se poñan bandas sonoras ou badéns para que se aminore a velocidade dos vehículos que é excesiva precisamente pola afluencia de persoas, de nenos que acuden ao parque e mais ao paseo marítimo; e aproveitando tamén pedimos na mesma solicitude do día 7 de abril que debido á altura que teñen as beirarrúas no paseo, que se poña unha ou dúas rampas mais das que se puxeron, xa se puxo unha, para que as persoas con pouca mobilidade ou que utilicen unha cadeira de rodas poidan acceder á beirarrúa e mais para os veciños en xeral, tanto para os de Arrochela como para os outros.

Con todo esto, estamos totalmente a favor de que se arranxe o parque e se pode ser posible que se amplie o mesmo, e xa que estamos que se incorporen tódalas faltas do paseo para o ben de toda a zona.

A concelleira Elvira Pereira Ageitos (grupo m. PP) di: Sra. García Pose, yo ya sabe que le agradezco como compañera el interés que ponen ustedes en los parques.



CONCELLO
DE
RIVERA

(A CORUÑA)

Declarado Municipio Turístico Galego

Ref/Secretaría Xeral/Juan Manuel Salguero del Valle

El parque infantil al que usted hace referencia en el puerto en Palmeira se remodelo en el 2013. Suelo ir a ver con cierta frecuencia los parques y a parte de eso siempre está el informe de los jardineros y de los obreros del Concello. El día 21 de este mes, volví y comprobé que los juegos estaban en buen estado. No sé a que se refiere usted con esto de que no se puede jugar bien; porque nos acaba de decir su compañero del PSOE Sr. Vilas que estaban en buenas condiciones.

Según la normativa actual los juegos deben tener una distancia a su alrededor libre de obstáculos en función de la altura de caída de cada elemento y un suelo también adecuado a estas alturas de caída.

En esta zona el parque infantil cumple toda la normativa. La jardinera está lo suficientemente separada de los juegos, por eso, no hay peligro ninguno. Los árboles se sacaron a petición de los vecinos y entonces como corrían un cierto peligro pues se sacaron. La jardinera tiene que dar una cierta protección al parque porque así los niños no salen directamente a la carretera; pasa como en el García Bayón, ahora a sacar si quieres que saquemos la jardinera para dar una mayor amplitud a este parque, habría que escavar para eliminar todas las raíces y después había que hacer un muro de contención porque la jardinera del parque queda mucho mas alta que la carretera. Esta posibilidad ya se contempló de eliminar la jardinera pero no se trata de una obra simple ni sencilla sino un poquito costosa y entonces tenemos que priorizar en las actuaciones y de momento aún no se habían aprobado tampoco los presupuestos.

La pista tiene canastas si se refiere usted a la red sí, falta la red pero tiene esas dos canastas, ahora, los niños pueden disfrutar igual de los juegos, yo creo que los niños pueden disfrutar igual. ¿El suelo de adoquines?; el suelo de la pista es un suelo normal, los adoquines están en muchas zonas que hay en los parques y en mucho pavimento que hay en las plazas; no podemos cambiar todo. Ahora, ¿la normativa de parques cumple con la norma de juegos?, sí, no le afecta nada esto de los adoquines alrededor ni a la pista de baloncesto.

En cuanto a la fuente y el mobiliario urbano; mire, para empezar ya se empezó a hacer el mantenimiento, como sabe en todas las primaveras siempre se hacen este tipo de obras. También es cierto que se empezó, como usted dijo antes, por todo lo que hay en el paseo marítimo. Se suele empezar por las zonas de más afluencia al público, el paseo de Coroso que ya ve que se pusieron las fuentes y se restauraron todos los bancos. Estos días de Semana Santa la colla de obras tuvo que retirarse para pasar a reparar los colegios ya que no hay niños en esos días, y entonces es mucho más fácil hacer las obras.

La cuneta; por cierto, yo también le diría a mis compañeros del BNG, entiendo y es cierto que ustedes son oposición pero mire, llamar a los medios por una plancha de hierro donde se tiene que poner un tubo, yo que quiere que le diga, me parece un poco excesivo, es cierto que salieron muy guapos, pero un poco excesivo es.

En cuanto a mis compañeros del BNG las adelfas; mire yo creo que las madres se preocupan de los niños, para que los niños se envenenen con adelfas tienen que comer una enchenta de adelfas y las mamás están ahí para que se ocupen de los niños. No vamos ahora el Concello a sacar todo porque no solo hay ese árbol que pueda perjudicar, hay otros muchos.





CONCELLO
DE
RIVEIRA
(A CORUÑA)

Declarado Municipio Turístico Galego

Ref/Secretaría Xeral/Juan Manuel Salguero del Valle

A concelleira Rosa García Pose (portavoz do grupo m. IPdeR) en termos de réplica dí: mira Elvira, ¿ti crees que é normal ter este pao dunha papelera sin poñerlle a papeleira?. Non che pedín en ningún sitio que quites a jardinera ao revés, paréceme ben porque impida a saída, pero estos chismes aquí, pois, ao mellor hai que rebaixalos mais. Este banco, si non tedes man de pintura, vou eu, non teño problema. Son cousas pequenas Sr. Alcalde, e esto por moito que me digas, é que non ten xustificación algunha. En canto a esto que pedía, esta saída outra barandilla, para que os meniños teñan que facer esto, e non que vaia directamente á rúa.

O que nos interesa é que se amaíne, o que está amañado, mellor que se aforran cartos, e o que fai falta amaíñalo que se amaíne, nada mais Sr. Alcalde.

O Sr. Alcalde (grupo m. P.P.) dí que os árbores sacáronse porque caeron dous árbores nas trombas marinas estas, era un perigo e sacáronse, o primeiro que se pensou foi en sacalos e traelos, os árbores teñen unhas cañotas e a obra a facer ahí, pois, ao final era facer absolutamente o parque absolutamente novo, entón, pensamos en deixalas, eso ten un ano, dous ou tres que se pudrirán e será mais cómodo sacalas, pero nestos momentos, o coste de sacar as cañotas dos árbores é altísimo, é mais que facer un parque novo noutro sitio seguro.

O Sr. Vilas decía; columpios adaptados hainos en varios parques, non en todos pero hainos en varios parques.

O resto que decía a Sra. Sampedro; é que estamos falando dun enclave que é de Portos, é decir, vámoslle a facer esa obriña porque é unha obriña pequena pero é Portos.

O que pedía vostede do resto, eu creo que se soluciona si Portos fai un par de pasos elevados, é decir, soluciónase o tráfico en vez de poñer badéns poñer dous pasos de peatóns elevados, có cal tamén ten accesibilidade para as persoas maiores para poder chegar ao paseo. Creo que esa é a mellor fórmula, no momento en que pavimenten en Riveira, pois, parte da que teñen que facer no Porto, pois, que vaian alí a ver si poden facer dous pasos elevados.

O resto de ampliar o parque; xusto na zoniña concreta está difícil, eu creo que Palmeira igual o que merece é que mellorem os outros parques que non teñen o mesmo éxito que este precisamente porque non teñen a calidade dos xogos que ten este, mesmo estou falando da Horta do Cura que podía mellorarse.

O concelleiro José Manuel Vilas Álvarez (portavoz do grupo m. PSdeG-PSOE) en termos de réplica dí: Sr. Alcalde, pode decirmos ¿en que parques hai os balances para discapacitados?.

O Sr. Alcalde (grupo m. P.P.) dí os balances adaptados, en Riveira non hai ningún, son os columpios que balancea dentro unha persoa que vai dentro da silla, deses non hai ningún, miraremos a ver o que vale para informarlles e en función deso igual nalgún parque que se vaia a remodelar como é no García Bayón, pois, que puidera habelo en algún sitio.

Pásase á votación ordinaria do asunto, segundo a proposición da Sra. García Pose, relativa a melloras no parque infantil de Arrochela - Palmeira, dirixida polo Sr. Alcalde deste xeito e con este resultado:





CONCELLO
DE
RIVEIRA
(A CORUÑA)

Declarado Municipio Turístico Galego

Ref/Secretaría Xeral/Juan Manuel Salguero del Valle

-Votos a favor: vinte e un (21) votos (oito votos dos concelleiros do grupo municipal PP, catro votos dos concelleiros do grupo municipal BNG, tres votos dos concelleiros do grupo municipal PSdeG-PSOE, un voto do concelleiro do grupo municipal C,s, dous votos dos concelleiros do grupo municipal IPdeR, e tres votos dos concelleiros non adscritos).

-Votos en contra: ningún.

-Abstencións: ningunha.

Resulta aprobado, por unanimidade dos seus membros.

O Pleno do Concello de Riveira, visto o dictamen favorable da Comisión Informativa de Urbanismo, Infraestructuras, Benestar Social e Medio Ambiente, en sesión celebrada o día 18/04/2017, **por unanimidade dos seus membros, acorda:**

Amañar no parque infantil da Arrochela en Palmeira os bancos, xogos e fontes, poñer o chan según normativa e eliminar ou substituír aquilo que poda producir dano os nenos.

Eliminar a barreira arquitectónica e poñer a valla que falta.

5.- DACIÓN DE CONTA DECRETOS DE ALCALDÍA ATA O DÍA 18 DE ABRIL DE 2017 (ART. 42 DO ROF).

De acordo co disposto no artigo 42 do Real Decreto 2568/86, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais e o artigo 123.1.a do Regulamento Orgánico Municipal do Concello de Riveira, o Sr. Alcalde-presidente da conta dos decretos asinados dende a derradeira sesión Plenaria Ordinaria.

O Sr. Alcalde (grupo m. P.P.) di que os decretos firmados pola Alcaldía están a disposición ata a data 18 abril 2017 en secretaria xeral do Concello.

O Pleno da Corporación Municipal queda enterado, non producíndose manifestacións nin opinións en contra.

6.- DACIÓN DE CONTA DO INFORME DE MOROSIDADE DO PERIODO MEDIO DE PAGO GLOBAL SEGUNDO O R.D. 635/2014, RELATIVO AO 1º TRIMESTRE DE 2017.

O Sr. Alcalde (grupo P.P.) explica que seguimos nas mesmas razóns, neste caso mellorandoas, e o periodo medio de pago global é de -3,69.






CONCELLO
DE
RIVEIRA
(A CORUÑA)

Declarado Municipio Turístico Galego

Ref/Secretaría Xeral/Juan Manuel Salguero del Valle



Visto o informe conxunto do Interventor Pablo Bao Castro e do Tesoureiro José Antonio Rueda de Valenzuela de data 18 de abril de 2017, asunto: "Informe", expte: "Cumprimento dos prazos previstos na Lei 15/2010, de 5 de xullo, de modificación da Lei 3/2004, pola que se establecen medidas de loita contra a morosidade nas operacións comerciais", que consta no expediente na sesión.

Vista a Proposta da Alcaldía "Asunto: Información sobre o Período Medio de Pago a provedores a que se refire o Real Decreto 635/2014, de 25 de Xullo. Correspondente ao primeiro trimestre de 2017", de data 18 de abril de 2017, que consta no expediente na sesión.

O Pleno da Corporación Municipal queda enterado, do informe conxunto do Interventor Pablo Bao Castro e do Tesoureiro José Antonio Rueda de Valenzuela de data 18 de abril de 2017, asunto: "Informe", expte: "Cumprimento dos prazos previstos na Lei 15/2010, de 5 de xullo, de modificación da Lei 3/2004, pola que se establecen medidas de loita contra a morosidade nas operacións comerciais"; e da Proposta da Alcaldía "Asunto: Información sobre o Período Medio de Pago a provedores a que se refire o Real Decreto 635/2014, de 25 de Xullo. Correspondente ao primeiro trimestre de 2017", de data 18 de abril de 2017, non producíndose manifestacións nin opinións en contra, da proposta da Alcaldía de data 18 de abril de 2017, que se transcribe:

"ASUNTO: Información sobre o Período Medio de Pago a provedores a que se refire o Real Decreto 635/2014, de 25 de Xullo. Correspondente ao primeiro trimestre de 2017.

A Disposición Adicional Primeira da Lei Orgánica 9/2013, de 20 de decembro, de Control da débeda comercial no sector público (BOE nº 305, de 21 de decembro) refírese á "publicación do período medio de pago" das Administracións Públicas nos seguintes termos:

"Disposición adicional primera. Publicación del período medio de pago.

Transcurrido un mes desde la entrada en vigor de esta ley todas las Administraciones Públicas y sus entidades y organismos vinculados o dependientes publicarán en su portal web su periodo medio de pago a proveedores e incluirán en su plan de tesorería inmediatamente posterior a dicha publicación las medidas de reducción de su periodo medio de pago a proveedores para cumplir con el plazo máximo de pago previsto en la normativa sobre morosidad".



CONCELLO
DE
RIVEIRA
(A CORUÑA)

Declarado Municipio Turístico Galego

Ref/Secretaría Xeral/Juan Manuel Salguero del Valle

Para a aplicación da previsión legal citada foi aprobado o Real Decreto 635/2014, de 25 de xullo, polo que se desenvolve a metodoloxía de cálculo do período medio de pago a provedores das Administracións Públicas e as condicións e o procedemento de retención de recursos dos rexímenes de financiación previstos na Lei Orgánica 2/2012, de 27 de abril de Estabilidade Orzamentaria e Sostenibilidade Financeira.

Para maior detalle práctico foi publicado na Oficina Virtual para a coordinación financeira coas Entidades Locais a “Guía para a cumprimentación da aplicación e o cálculo do período medio de pago das Entidades Locais, Real Decreto 635/2014, de 25 de xullo”, que contén os modelos e criterios para elaborar, publicar e remitir a información sobre o período medio de pago a provedores.

É necesario indicar que o período medio de pago a provedores a que se refire o Real Decreto 635/2014, de 25 de xullo, é diferente na súa metodoloxía de cálculo, no seu procedemento e prazos de publicación e nas súas consecuencias prácticas, aos prazos de pago das facturas por operacións comerciais a que se refire a Lei 15/2010, de 5 de xullo, de modificación da Lei 3/2004, de 29 de decembro, pola que se establecen medidas de loita contra a morosidade nas operacións comerciais. Para a elaboración dos informes trimestrais a que se refire a Lei citada foi publicado na oficina Virtual para a Coordinación Financeira coas Entidades Locais a correspondente Guía.

Finalmente, tamén é necesario calcular e publicar o período medio de pago a provedores a que se refire a Disposición Transitoria Décima da Lei 27/2013, de 27 de decembro, de Racionalización e Sostenibilidade da Administración Local, e para ese cálculo deben tomarse en consideración os criterios contidos na “Nota relativa á aplicación da disposición transitoria décima da Lei 27/2013, de 27 de decembro, de Racionalización e Sostenibilidade da Administración Local” publicada na Oficina Virtual para a Coordinación Financeira coas Entidades Locais.

Unha vez cumprimentada a aplicación posta a disposición polo Ministerio de Facenda e Administracións Públicas obtense a información sobre o período Medio de Pago a Provedores calculado cos criterios do Real Decreto 635/2014, de 25 de xullo, que se indica a continuación, para o Concello de Riveira:


ORGANISMO	RATIO OPERACIONES PAGADAS	RATIO OPERACIONES PENDENTES PAGO	PERIODO MEDIO DE PAGO GLOBAL
CONCELLO DE RIVEIRA	-7,64	10,62	-3,69



CONCELLO
DE
RIVEIRA
(A CORUÑA)

Declarado Municipio Turístico Galego

Ref/Secretaría Xeral/Juan Manuel Salguero del Valle



Acompáñase como Anexo a información trimestral correspondente ao primeiro trimestre de 2017 sobre prazos de pago a que se refire a normativa sobre “morosidade” nas operacións comerciais.

Co fin de dar a máxima difusión posible á información de relevancia económica ou financeira do Concello e no cumprimento das normas de aplicación citadas considérase oportuno dar conta ao Pleno da Corporación do seguinte:

PRIMEIRO: Tomar coñecemento dos resultados do Período Medio de Pago a Proveedores calculado cos criterios do Real Decreto 635/2014, de 25 de xullo, no Concello de Riveira para o primeiro trimestre de 2017.

SEGUNDO: Unha vez remitida a información ao Ministerio de Facenda e Administracións Públicas, publicar a mesma na páxina web do Concello de Riveira.

Riveira, 18 de abril de 2017. O Alcalde, Asdo: Manuel Ruiz Rivas”.

7.- MOCIÓN DE URXENCIA.

Non se presentan.

8.- ROGOS E PREGUNTAS.

Procédese a tratar os rogos e preguntas polo seguinte orde:

- Rogos.

1º.- Rogo do concelleiro Juan Manuel Reiriz Lampón (grupo m. IPdeR), sobre que no Vilar en Palmeira a beirarrúa está chea de sinais que entorpecen o paso de peatóns sobre todo os que van en cadeiras de rodas, e hai un poste de hormigón no medio da beirarrúa, que se dirixa aos responsables da colocación das sinais e postes para que as retiren ou substitúan por outras que non entorpezan o paso dos peatóns.

Responde o Sr. Alcalde (grupo m. P.P.) informando que as que sexan de titularidade municipal así será feito.



CONCELLO
DE
RIVEIRA
(A CORUÑA)

Declarado Municipio Turístico Galego

Ref/Secretaría Xeral/Juan Manuel Salguero del Valle

2º.- Rogo do concelleiro Juan Manuel Reiriz Lampón (grupo m. I.P.C.P.) sobre que na rúa do Frade se repoñan as papelerías.

Responde o Sr. Alcalde (grupo m. P.P.) informando que están repostas.



3º.- Rogo da concelleira Mª do Pilar Sampedro Laranga (grupo m. BNG), sobre que no acceso ao porto de Palmeira, no paseo marítimo, que se poñan bandas sonoras para reducir a velocidade dos vehículos; poñer un paso de obras dende o parque á calzada coa anchura e estabilidade adecuada para que poida utilizarse tanto polas persoas a pé como por cadeiras de rodas; poñer un paso na beirarrúa a unha altura próxima ao parque para que os veciños poidan acceder á mesma sen correr riscos.


Responde o Sr. Alcalde (grupo m. P.P.) informando que xa a ten contestada.

4º.- Rogo do concelleiro Juan José Chouza Sampedro (portavoz do grupo m. C,s), sobre que detecta que as páxinas web do Concello están unicamente confeccionadas en lingua galega, e solicita que se habilite unha opción onde ademais da lingua galega, se poda consultar tamén en castelán e inglés.

Responde o Sr. Alcalde (grupo m. P.P.) informando que na próxima renovación da páxina web, está precisamente pensado en que sexa como vostede solicita.

5º.- Rogo do concelleiro Luís Antonio Pérez Barral (grupo m. BNG), sobre que na parroquia ribeirense de Carreira preto do Vilar hacia a zona de Frións a esquerda, hai un grupo de casas que empozan, que están cheas de herba e que ten gravilla. Que o Concello de Riveira faga uns sumidoiros co fin de evitar os empozamentos de auga nesta vía pública de Carreira. Que o Concello de Riveira limpe de grava o camiño e o manteña sen maleza.


Responde o Sr. Alcalde (grupo m. P.P.) informando que a gravilla é de cando se pavimentou a estrada fai 15 anos, a que puido quedar daquela. A broza pouca había tamén, se lles retirou. Estivemos cós veciños, os que alí estaban que eran a maioría porque si non me equivoco hai 3 casas e falamos con dúas e non tiñan ese problema, có cal supoño que o único que tería problema sería o terceiro; e o que dí é que se



CONCELLO
DE
RIVEIRA
(A CORUÑA)

Declarado Municipio Turístico Galego

Ref./Secretaría Xeral/Juan Manuel Salguero del Valle



empoza, nestos momentos, a única que se empozaba ten unha recollida de pluviais que se fixera no seu momento pero que discurre pola propia finca despois, non sei si o que queren é que iso vaia para a rede, pero entendo eu que a solución é a mais axeitada para que corra pola que tiñan, o que pasa que para que non lle vaia para a casa foi canalizada.

6º.- Rogo da concelleira Rosa García Pose (portavoz do grupo m. IPdeR), sobre que coloquemos dous bancos en puntos de interese paisaxístico, un hacía a ría e outro hacía Corrubedo.

Responde o Sr. Alcalde (grupo m. P.P.) informando que a colocación de bancos en miradores, pois, un dos proxectiños que hai é precisamente para os Castelos en Aguiño o cal pode ir para os dous lados precisamente, pero despois tamén outro dos proxectos que hai é volver a ampliar o que foi o mirador da Pedra da Rá hacia unhas pedras que hai a unhas 50 m, mais abaixo por ese camiño, e cando menos eses dous vanse a poñer igual que se puxeron aqueles de Coroso que eu creo que a xente os agradece.

7º.- Rogo do concelleiro Luís Antonio Pérez Barral (grupo m. BNG), sobre que o Concello de Riveira inste a Portos de Galicia a que mellore o firme das avenidas Carolinas e Malecón. Que se entregue unha copia da instancia remitida a Portos de Galicia a cada grupo municipal da Corporación municipal.

Responde o Sr. Alcalde (grupo m. P.P.) informando que o contacto con Portos, aquí é posiblemente o mais habitual dos que temos, e Portos sabe desa carencia e tamén sabe do interese de que aquí se arranxe antes do verán, polo menos, en gran medida. Non llo fixen por escrito, non teño ningún inconvinte si con eso queda vostede satisfeito. O que si estamos traballando é no proxecto que se levou en presupostos. Hai intereses diversos, Portos é un ente autónomo, o Concello no, pode recuperar o IVA, polo tanto, a proposta que nos facian de convenio para esa remodelación da avda do Malecón, eu entendo que non iba a pasar polos Servizos de Intervención porque basicamente o que me viña a decir é que as certificacións que eles pararan que se lle remitira directamente a certificación a eles, o cal eu non encontro fórmula legal para facelo, porque si nós adxudicamos unha obra, evidentemente, tanto o control do pago como todo eso sería noso, entón, estamos estudando dúas alternativas para que o convenio se faga doutra forma, unha é tal e como tiñan apalabrado que era o 40% mais o IVA, pois, que puidera o proxecto facerse en 2 partes, como ahí hai unha división que é precisamente o parque García Bayón, que Portos directamente puidera facer unha e o Concello outra, ou ben cambiar o convenio no sentido de que fora Portos o que fixera toda a obra. Como o



CONCELLO
DE
RIBEIRA
(A CORUÑA)

Declarado Municipio Turístico Galego

Ref/Secretaría Xeral/Juan Manuel Salguero del Valle

interés é do Concello, por facer un carril bici e a remodelación esa, de ser nós os que remitiramos os cartos en dúas ou tres anualidades á Xunta, có cal tamén nós íbamos a aforrar o IVA. Cando teña mais pechado ese convenio, lóxicamente, pois o levarei a tódolos grupos políticos.

8º.- Rogo da concelleira Almudena Basoco Mariño (grupo m. PSdeG-PSOE), sobre que no lugar do Vilar en Carreira, se efectúe unha limpeza e desbroce nos camiños públicos.

9º.- Rogo do concelleiro José Manuel Vilas Álvarez (portavoz do grupo m. PSdeG-PSOE), sobre que no camiño do Rueiro en Palmeira á altura do nº 22, se efectúe a limpeza da taxea, sumidoiro, que da á praia do lugar, xa que está atascada e non cumpre a función de limpeza da vía pública.

10º.- Rogo do concelleiro José Manuel Vilas Álvarez (portavoz do grupo m. PSdeG-PSOE), sobre que na rúa do Carolo en Palmeira, se efectúe unha corta de matorral en dita vía pública, que enlaza a rúa do Norte co lugar de Carolo e Chacín, en Palmeira.

Responde o Sr. Alcalde (grupo m. P.P.) acumulando os rogos 8º, 9º, e 10º, informando que esta mesma semana espero que podamos xa mandar por correo electrónico a contratos menores o que é a solicitude de 3 supostos do seguimento aberto, de porqué a maquina desbrozadora que fai necesaria, que ten que levar o tractor porque a nosa a cada dous por tres está estropeada, e ao final acabamos gastando mais cartos estando parada, có cal non nos da para facer unha programación axeitada, entón, espero que este mesmo mes de maio poderán xa empezar a funcionar os desbroces de forma normal porque ademáis un dos novos obreiros contratados era precisamente conductor de tractor e que desbrozaba, según me dí, pois, axeitadamente.

11º.- Rogo do concelleiro Juan Manuel Reiriz Lampón (grupo m. IPdeR), sobre que en Aguiño, na rúa Lagarto, no medio da beirarrúa, hai un poste de madeira e un de ferro pegados; que se fagan as xestións necesarias para quitalo do medio xa que fai de barreira arquitectónica.

Responde o Sr. Alcalde (grupo m. P.P.) informando que en realidade son 3, hai un de Telefónica, e dous de Fenosa. Un deles está bastante complicado pero intentaremos a ver si nos fan caso. Últimamente fai mais Telefónica que Fenosa, intentaremos porque efectivamente, como dí o Sr. Reiriz, impide o paso dunha cadeira.



CONCELLO
DE
RIVEIRA
(A CORUÑA)

Declarado Municipio Turístico Galego

Ref/Secretaría Xeral/Juan Manuel Salguero del Valle

12º.- Rogo do concelleiro Manuel A. García Pérez (grupo m. PSdeG-PSOE), sobre que na rúa Carlos Casares á altura do portal nº 11, hai unha farola inclinada e carece de luminaria; que por parte dos servizos técnicos que corresponda, se realice a reparación da farola e se dote da correspondente luminaria.

Responde o Sr. Alcalde (grupo m. P.P.) informando que o Sr. concelleiro poñerá as pilas a Ferrovial e que o faga.

- Preguntas.

1º.- Pregunta do concelleiro Juan Manuel Reiriz Lampón (grupo m. IPdeR), sobre que en Aguiño, a Casa de Cultura está rodeada dun pequeno parque, ¿qué actuacións se van a facer en dito parque?.

Responde o Sr. Alcalde (grupo m. P.P.) informando que en Aguiño na Casa de Cultura sabe que está aprobado un proxecto, creo que iba incluído co de Abesadas que supera os 50.000 euros e que está en trámite de contratación nestos momentos. Espero que dentro deste mesmo mes puideran comenzar as obras.

Non habendo máis asuntos que tratar, o Sr. Alcalde levanta a sesión sendo as vinte horas e cincuenta minutos, estendéndose a presente acta, da que, como secretario xeral, dou fe e certifico.

Riveira, 24 de abril de 2017

O Alcalde.

[Firma]
Manuel Ruiz Rivas

Dou fe. O secretario xeral

[Firma]
Juan Manuel Salguero del Valle.

